



O Colexio Nosa Sra. De Lourdes organiza o domingo 12 de febreiro de 2012 a partir das 10:30 horas a "**I Carreira Colexio N.S. LOURDES**" baixo o control técnico do comité galego de xuíces da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago). As probas estarán suxeitas o seguinte regulamento:

1. Poderán participar todas as persoas, sexan ou non federadas, das seguintes categorías:

- **Chupete** nados/as no ano 2007 e posteriores
- **Pre-benxamín** nados/as nos anos 2005 e 2006
- **Benxamín** nados/as nos anos 2003 e 2004
- **Alevín** nados/as nos anos 2001 e 2002
- **Infantil** nados/as nos anos 1999 e 2000
- **Cadete** nados/as nos anos 1997 e 1998
- **Absoluta** nados/as no ano 1996 e anteriores
- **Pais/Nais/Profesores do colexio**

2. HORARIOS E PERCORRIDOS

O percorrido das probas realizarase no interior das instalacións deportivas do colexio mixturando zondas de herba e gravilla.

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA (aprox.)
10:30	BENXAMIN MIXTA	600 m (60 m + zig-zag)
10:45	ALEVIN FEMENINO	800 m (1 volta pequena)
11:00	ALEVIN MASCULINO	1100 m (300 m+1 volta pequena)
11:15	INFANTIL FEMENINO	1100 m (300 m+1 volta pequena)
11:30	INFANTIL MASCULINO	1800 m (2 voltas grandes)
11:45	CADETE FEMENINO	1800 m (2 voltas grandes)
12:00	CADETE MASCULINO	2700 m (3 voltas grades)
12:15	ABSOLUTA MIXTA	3600 m (4 voltas grandes)
12:45	CHUPETE MIXTA	150 m
12:55	PREBENXAMIN MIXTA	300 m
13:05	PAIS/NAIS/PROFESORES DO CENTRO (MIXTA)	1800 m (2 voltas grandes)
13:20	<i>ENTREGA DE PREMIOS</i>	

3. INSCRICIÓNS

As inscricións poderán realizalas mediante a web do colexio www.colexionslourdes.es como máximo ata o **mércores 8 de febreiro ás 14 horas**.

As inscricións estarán limitadas a 350 participantes. Unha vez chegado a esa cifra de inscritos pecharase a inscrición, feito que será comunicado a través da web do colexio.

4. DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola organización na zona habilitada, debidamente sinalizada, 30 minutos antes do inicio da proba de cada categoría.

5. CLASIFICACIÓNS

A clasificación farase nas seguintes categorías: benxamín, alevín, infantil, cadete, absoluta e pais/nais/profesores, tanto masculina como feminina. Establécese a clasificación segundo a orde de entrada en meta.

Os resultados serán publicados o día da proba na zona de recollida de dorsais; as reclamacións ós mesmos poderán efectuarse verbalmente o Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos. Tamén serán publicados o día seguinte na páxina web do colexio www.colexionslourdes.es

O participante que ó longo do percorrido cometa algunha irregularidade será descalificado.

6. PREMIOS E TROFEOS

- Medallas para todos os participantes das categorías chupete e pre-benxamín
- Trofeo ós tres primeiros/as clasificados/as das restantes categorías
- Camisetas e avituallamento a todos os participantes que cheguen á meta

7. AGASALLOS

O remate da entrega de premios realizarase un sorteo de agasallos doados polos diferentes colaboradores polo número de dorsal. Durante a realización da carreira ofrecerase gratuitamente chocolate e bizcoito a todos os presentes facilitado pola ANPA do colexio e a panadería A Casa do Pan.

Os alumnos/as de 4º de ESO disporán dun posto de venda de bebidas e bocadillos co fin de recaudar fondos para a excursión de fin de curso.

8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

- Os corredores/as deberán situarse na zona de saída cinco minutos antes do inicio da súa proba.
- Ao longo do percorrido haberá controis a cargo da organización.
- Haberá servizo de vestiarios nas instalacións do colexio.
- A comisión organizadora non se fai responsable dos danos morais ou materiais que así mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta carreira, nin dos que poidan recibir eles por parte de persoas ou obxectos, sen perxucio dos dereitos que lles puideran corresponder ante a compañía aseguradora correspondente.
- Haberá un servizo de urxencia dispoñible durante o evento
- Todos os participantes polo feito de tomar a saída aceptan o presente regulamento.

COLABORADORES

EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL
ANPA DO COLEXIO N.S. LOURDES
A CASA DO PAN
AF PINTURA
CALLOBRE C.F.
CENTRO MÉDICO SAN PAIO
CLUB ATLETISMO A ESTRADA
COCA-COLA
CONFECCIONES LOIGAR
CONSTRUCCIONES CUTRÍN
DECOASA
EXPRES DE VEA
GRUPO FROIZ
LA UNIÓN MADRILEÑA DE SEGUROS – SEGUROS DE SALUD
LIBRERÍA FARO
LIBRERÍA LOLIMAY
MILAR RAMOS&MARIÑO
MOTOS CALVELO
OFITIENDAS S.L.
PLUSMARCA DEPORTES
REIMÓNDEZ CONSTRUCCIONES
SANEAMIENTOS SAN PAIO
SOLASO ENERXÍAS RENOVABLES
SOMETAL
TRISKEL ARTESANÍA
VAL DO VEA MOBLES
VITOGAS
ZAMOTAMAY ARTE REGALO

COMO CHEGAR

<http://maps.google.es/maps/ms?hl=es&ie=UTF8&msa=0&msid=111019646560970565229.00047224106619c037589&ll=42.697742,-8.510177&spn=0.004826,0.011276&z>

